




Cruzar as Vías

Guía sobre seguridad en
espacios ferroviarios para
MOZAS E MOZOS



TÁBOA DE CONTIDOS

Obxectivo desta guía	3
Para comezar, algunhas definicións	4
Accesos non autorizados a espazos ferroviarios	6
Datos interesantes sobre trens e a súa relación coa seguridade	7
Riscos para os usuarios novos	10
Claves para estar seguros nos espazos ferroviarios	12
Orientacións pedagóxicas para o profesorado	16



OBXECTIVO DESTA GUÍA

O tren é un medio de transporte rápido e ecolóxico. Podemos viaxar case a calquera sitio en tren e dunha maneira cómoda. No entanto, é importante ter en conta que arredor dos trens e nas estacións hai algúns riscos. Por iso é fundamental recoñecelos e saber como comportarnos con seguridade cando esteamos nas estacións de tren e noutros espazos ferroviarios.

A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria pretende, con esta guía, influír de forma positiva nos comportamentos e hábitos dos cidadáns, previndo comportamentos de risco e informando sobre como estar seguro en zonas ferroviarias.

O obxectivo xeral é, polo tanto, concienciar e, grazas a iso, tratar de reducir os accidentes dos mozos e mozas nos espazos ferroviarios. En concreto, a guía pretende difundir boas prácticas de seguridade entre os usuarios novos en zonas ferroviarias, como o uso correcto dos pasos a nivel e dos cruzamentos entre plataformas, o comportamento correcto nas plataformas das estacións, etc.



■ PARA COMEZAR, ALGUNHAS DEFINICIÓNS

PLATAFORMA

Nas estacións de ferrocarril, superficie situada ao longo da vía, máis ou menos ancha, e coa altura conveniente para que os viaxeiros entren e saian dos trens, así como tamén para cargar e descargar equipaxes e efectos. A zona de seguridade adoita estar delimitada por unha liña que normalmente é amarela.



CATENARIA

Conxunto de cables suspendidos por riba da liña de ferrocarril para a subministración de electricidade aos trens eléctricos.



CRUZAMENTO ENTRE PLATAFORMAS

Intersección ao mesmo nivel entre un ferrocarril e os itinerarios expresamente dispostos en estacións e apeadoiros para o acceso peonil ás plataformas.



PASO A NIVEL

Cruzamento entre as vías do tren e a estrada ou camiño, normalmente sinalizado e ás veces protexido por barreiras e outros elementos de seguridade, como luces e son.

PASO INFERIOR

Túnel ou corredor que permite cruzar as vías de forma segura. Está localizado na plataforma. Habitualmente, está sinalizado cun letreiro con texto, unha imaxe e unha frecha apuntando para abaixo.



PASO SUPERIOR

Pasarela ou ponte que permite cruzar as vías con seguridade. Está localizado na plataforma. Habitualmente, está sinalizado cun letreiro con texto, unha imaxe e unha frecha apuntando para arriba.

VÍA

Camiño formado por dous carrís por onde circula o tren. Apóianse sobre unhas pezas que suxeitan e permiten manter o mesmo ancho, chamadas travesas. Estas, pola súa parte, están sobre unha base de pedras denominadas balastro que serve para repartir as cargas do conxunto e filtrar a auga.



■ ACCESOS NON AUTORIZADOS A ESPAZOS FERROVIARIOS

En España entre 2010 e 2017 morreron 114 persoas en accidentes en puntos non autorizados.

As persoas que acceden aos espazos ferroviarios de forma non autorizada tratan de coller un atallo, tiraren fotos, intentan non pagar o billete ou pretenden cometer actos vandálicos (como roubar, facer graffitis ou pintadas e danar ou romper asentos, barreiras, sinais, etc.).

Estes accesos non autorizados poden ter consecuencias trágicas. Ademais, o acceso a espazos ferroviarios non permitidos está penado pola lei. **O acceso público ás vías do tren non está permitido, polo tanto, cruzalas nun lugar non autorizado é moi perigoso, ilegal e sancionable cunha multa de ata 7.500 euros.**



**MULTAS
de hasta
7.500€**



DATOS INTERESANTES

■ SOBRE TRENS E A SÚA RELACIÓN COA SEGURIDADE



Algúns trens de alta velocidade pesan unhas **322 toneladas**, o que equivale a uns **260 coches**.

Se estamos preto da plataforma ou da vía e **un tren nos golpea** pode ser mortal.



O **elevado peso** do tren **dificulta** que **pare con rapidez** ante una persoa ou obstáculo na vía.




A **distancia de freada** dun tren que circula a 160 km/h pode ser de **1.000 metros**, o que se corresponde con **10 campos de fútbol**.

DATOS INTERESANTES

■ SOBRE TRENS E A SÚA RELACIÓN COA SEGURIDADE

Algúns trens teñen unha **potencia** de 8.800 kW, **como 120 coches**.




A través da **catenaria** subminístrase **electricidade** aos trens. Esta corrente nunca se apaga e ten unha **potencia mortal**.

Algúns trens de **alta velocidade** poden alcanzar os **300 km/h**.



Aínda que o maquinista nos vexa e accione o freo, **a distancia necesaria de freada** é tan grande que o tren nos atropelaría. Non é un coche.



A potencia dos trens permítelles alcanzar **velocidades moi altas.**

Non é preciso tocar a catenaria para electrocutarse, é suficiente estar preto dela para estar en risco de morte ou de feridas graves.



Os trens que viaxan a alta velocidade **poden producir un efecto de succión** e crear un baleiro arrastrándote debaixo do tren.

Nunha situación de risco **non hai tempo de reacción.**



■ RISCOS PARA OS USUARIOS NOVOS

Entre os 13 e os 25 anos, os adolescentes e mozos experimentan importantes mudanzas non só biolóxicas, tamén sociais.

Nalgunhas ocasións, os adolescentes e mozos poden sentir a presión que exercen os seus compañeiros para faceren cousas que non lles apetece ou son perigosas. **Querer experimentar novas sensacións é normal, pero hai que ser consciente dos perigos e non ceder ante a presión do grupo de amigos ou outros.**

A maior actividade social implica ás veces unha maior exposición ao **alcohol e ás drogas**. No entanto, estas substancias **mudan a nosa percepción do risco e reducen a nosa capacidade de resposta**.

Nalgúns casos, os adolescentes e mozos puidéronse enfrontar con anterioridade e en menor medida a situacións de risco e, en consecuencia, poden ter máis dificultades para anticiparen ou reaccionaren ante os perigos, ou menos coñecementos sobre como actuaren ante estas situacións.

Outros factores de risco son **as distraccións** causadas polo **teléfono móbil**, por ir escoitando **música**, estar pendente das **redes sociais**, ver **series**, tirar **selfies**, etc.



Os espazos ferroviarios implican certos riscos a calquera idade. **Se tes entre 13 e 25 anos** ten en conta estes consellos relacionados coas estacións de tren e as súas proximidades:

- ▶ Nas estacións e nas súas proximidades **existen pasos superiores, inferiores e ao mesmo nivel para atravesar as vías de forma segura.**
- ▶ Nos casos nos que non existan outros pasos e haxa un **paso permitido sobre a vía: para, mira para ambos os lados, escoita atentamente e cruza cando sexa seguro.**
- ▶ Nos pasos a nivel **fai caso dos sinais físicos, luminosos e acústicos.**
- ▶ Á hora de te divertires e saíres de marcha non esquezas a túa seguridade. As proximidades das vías do tren non son o mellor lugar para facelo, pois implican riscos, en moitos casos fatídicos.



■ CLAVES PARA ESTAR SEGUROS NOS ESPAZOS FERROVIARIOS

Ten coidado co espazo que hai entre a plataforma e o tren, é moi fácil tropezar e meter o pé. Para facilitar o acceso ao tren hai barras de apoio nas portas. **Entra con calma, non é preciso correr.**

Presta atención ao **senal luminoso e acústico de peche das portas**. Cando se ilumine ou soe non subas ou baixes do tren. O mellor que podes facer é **parar, esperar e coller o seguinte tren**.



Mantente detrás da liña amarela ou de seguridade da plataforma ata que o tren estea completamente detido. Se estás preto da beira da plataforma, **o tren pódete golpear ou succionar**.

Se che cae algo ás vías nunca intentes collelo aínda que sexa moi valioso. É moi perigoso. Sempre **pide axuda ao persoal da estación**.



■ CLAVES PARA ESTAR SEGUROS NOS ESPAZOS FERROVIARIOS

Nas estacións e noutros espazos ferroviarios camiña, **non corras nunca**. Son lugares en que hai riscos e podes caer ou facer caer alguén.

Nas estacións **evita levar os auriculares ou baixa o volume** e procura **non usar os dispositivos electrónicos**. Así poderás estar alerta e escoitar as mensaxes informativas e de advertencia. Isto é de maior importancia cando un vai cruzar as vías, pois **é imprescindible escoitar o tren**.

Nunca tires selfies na beira da plataforma porque pode ser moi perigoso.



Non collas atallos. **É perigoso cruzar as vías do tren.**

Os trens poden vir de calquera dirección, de calquera das vías e en calquera momento.

Nos **cruceamentos entre plataformas e nos pasos a nivel: para, mira para ambos os lados, escoita e pensa “é seguro cruzar?”**.

Os trens non pasan sempre á mesma hora. Mesmo poden pasar sen estaren programados. Por iso é importante estar nas zonas en que non hai riscos.

Ten precaución.



ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS PARA O PROFESORADO

O obxectivo xeral é fomentar a participación activa e a reflexión dos alumnos e alumnas sobre cuestións de seguridade arredor dos trens, facilitando a toma de **decisións seguras en situacións de risco**.

O profesor ensinará aos estudantes os riscos reais dos espazos onde hai trens e reflexionarán sobre como manterse seguros.

Tras ler a guía propónse:

1. Establecer un contexto para falar da seguridade, introducindo conceptos básicos de infraestrutura ferroviaria e a seguridade. Preténdese tamén coñecer as actitudes dos alumnos e alumnas acerca da seguridade nos espazos onde hai trens.
2. Que os estudantes reflexionen sobre os comportamentos perigosos.
3. Introducir contidos sobre: riscos concretos dos trens; comportamentos de risco nas proximidades a espazos onde hai trens; consecuencias dos accesos indebidos; influencia da presión do grupo; e comportamentos seguros. Proponse incluír contidos de seguridade viaria ferroviaria en actividades curriculares de ciencias naturais, matemáticas, lingua e literatura, ciencias sociais e educación artística.


Grazas pola súa colaboración!



Cruzar
as Vías



**PARA,
MIRA,
ESCOITA,
VIVE!**



**Cruzar
as Vías**